

ENTRE A ESTATUA E O ESCRIBA

Hai uns días recibiamos alborozados a noticia da publicación dun novo poemario de Pilar Pallarés. Chega o *Livro das devoracións*¹ a romper doce anos de silencio editorial despois do convite que, a través dos poemas de *Sétima soidade*², a autora nos fixera a pasear pola parte máis dolorida do eu poético. Novamente enfrontámonos a esa realidade oculta do ser que, na súa faceta máis espida se nos amosa como anaco de carne viva, latexante, aberta á devoración ávida que lle imprime a vida. Enfrontado a tan crudelísima realidade, o eu desfalece desencantado na interrogación sobre as posibilidades de modificar ese estigma:

A vida é isto? Esta dor que avanza, perniciosa,

por canles subterráneas?

Esta

mediocridade?

As dificultades vitais do eu poético xorden dunha fonda tristeza nacida na perda do ser amado, que se esvaeu no tempo, e da ambivalencia de sentimentos que o levan a odialo pois, odiar, é tamén unha forma intensa de amar "o guerreiro/ ensinou-me que amor e ódio crecen do mesmo húmus/ e así no ódio amo". Perante ese amor fracasado o eu poético invoca un consolo que só lle pode ofrecer a nai: "e cando chega o tempo da memoria ódio-te/ e volto á casa da nai o teu rosto/ é un fragmento resgatado do Xardín das Hespérides". O exercicio retrospectivo da lembranza só é quen de roubar do xardín edénico das Hespérides, férreas gardiás, fragmentos do obxecto dos desexos máis humanos. Nunca o amado voltará completo nos recordos pois, posuír este poder, faría ó eu poético capaz de apoderarse do tesouro oculto nese xardín: a mazá da inmortalidade. O desgaste que provoca o esforzo evocador é tal que, nun estado de vulnerabilidade máxima, o eu suplica á nai unha miga de piedade:

nai fai-me unha coroa de diminutos dentes que me mordan

apiada-te de min

que fun detida pola espada de deus á porta do Paraíso

e ando extraviada con nostalgia da súa lingua áspera e lacre no meu van

despousída da sílaba inicial de todas as palabras

e xa tan dada á morte

¹ Espiral Maior, A Coruña, 1996

² Colección Esquíu de Poesía, Ferrol, 1984

Pero a calor materna é efémera e desampárao no frío que reina nos xardíns decadentes. Alí o eu poético non é quen de loitar contra a ruína que o circunda e, guerreiro vencido, asume a consciencia dolorida de quen está encarcerado no seu propio corpo de mármore e nun xardín-cemiterio. Alongado da vitalidade de outrora agora *"O que queda de vida é este lugar de terra/ mastigada de vermes/ mordida polos dentes minúsculos da tópia/ varrida do nordés"*. Tan é así que, estancado na decadencia outoniza e crepuscular, o eu poético acolle a inmovilidade dos músculos que o vai colonizando igual a como a natureza anárquica corrompe os xardíns simétricos e cuidados ata que *"fica só unha estatua quebrada/ na que o tempo acumula rosas da humidade/ e unha flora imprecisa de estacións nevoentas"*. A este novo ser estalle vedada calquera actividade humana que non sexa a de observar e falar. Coa eternidade que lle proporciona posuír unha vida ilimitada e a quietude que lle impide afastarse do seu destino, a estatua elabora a crónica decadente do que a rodea e confórmase así *na que contempla*:

Sen filiación,

sen nome.

Desprovista de signos e de historia

ser só a que contempla,

a ofrecida a toda posesión

e rapto.

Antes da fin definitiva, loitando contra a ruína dun corpo que se desprende en pedazos, o eu poético séntese obrigado nunha última misión: transmitir o que aprendeu. Á devastación temporal opón o legado da súa sabiduría, das experiencias vitais previas ó estado latente e aletargado que agora sofre. Só así poderá liberar a mente das ataduras dun corpo inerte e estantío.

aqui deixo o meu coñecimento

cifrado en letras cegas

que o tempo ha destruír

ou talvez un recendo se demore

neste espazo que entinto neste rasto de beizo e salgadura

e alguén que non existe me recobre

coa miña errada historia

e todo o que perdín e nunca tiven

Afirmando que "*Foi necesario arder,/ vivir non tanto*", o eu poético fálanos da esterilidade dos desexos e así é mellor "*non desexar nada/ e non amar/ porque o amor é ficción (...)/ porque se amas serás o abandonado*". A transmisión dos coñecementos transforma a estatua en escriba -tan inmóbil diante da súa tabuleta como a figura na peana do xardín- que nos lega palabras, "*cativos froitos que encetou a dor*".

No resplandor das horas

son o escriba sentado

(...)

Inábil para a vida,

transcrevo o que me excede,

fixo en trazos esguios o amor e os seus detritos,

a contracción das bocas no leito e na batalla,

as pupilas dos gatos

Desde os estados vitais de estatua e escriba, o eu confórmase nun deus que fixa para nós os avatares da existencia, as historias duns seres ós que outorga a luz da eternidade mediante a palabra. Os trazos que vai riscando sobre o papel, no silencio da tarde, están tocados polo don da permanencia. Esta será silenciosa e oculta na agarda de aquel que poida descifrar os signos e conferir alento vital ás estatuas inmóbiles que nos antecederon. Ese lector que sairá unxido na consciencia de que escriba e estatua, guerreiro e doncela, son só unha única realidade con aroma a crisantemos: a vida que se renova

e en tanto dilapido os meus minutos

reteño outras historias,

acaparo outros corpos

e aos seus membros precários dou a forma do eterno.

TERESA SEARA

A Nosa Terra, 740, 22-8-1996, pp. 23-24.